



BASES DE FUNCIONAMENTO DOS POSTOS DE VENDA, CASETAS DA MUNCIPALES LOURO VALLEY 2024

Concello do Porriño
ENCHEIRO CASETAS MUNCIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 18-09-2024
Data final de exposición: 19-09-2024
O Porriño, a de de

A concellería de Cultura e Xuventude do Concello do Porriño convoca o Louro Valley para o día 21 de setembro. Dita festividade congrega aos mellores DJs de España. A finalidade destas bases é establecer os requisitos, pautas e condicionantes que se deberá cumprir para poder instalar un posto de venda durante a celebración deste acontecemento.

I.- INSTALACIÓNS

O Louro Valley desenvolverase o día 21 de setembro do 2024. Os postos de venda e poderán estar abertos ao público de 22:30 a 4:30 horas. Non se permitirá a apertura de ningún posto fora do horario establecido.

Os postos estenderanse naquelas localizacións asignadas polo concello do Porriño e sen superar os límites de espazo asignado, segundo a superficie concedida (Axuntase como anexo II plano do espazo asignado para os postos). As medidas máximas que poderán ocupar a totalidade da instalación non poderán superar os metros da autorización, sendo o máximo autorizado 30 x 10 metros.

Non se permitirá o asentamento de ningún posto nin a venda ambulante de ningún produto fóra do recinto establecido pola organización.

O concello poderá cambiar as datas, modificar os horarios de apertura ou mesmo anular a celebración da festividade en caso de forza maior, sen que os participantes poidan presentar reclamación.

II.- DOS POSTOS DE VENDA

O tipo de postos que se poderán establecer son os seguintes:

1. Postos de degustación e venda de comidas. Estes postos son aqueles de venda de comida e bebida.

Se deberá indicar o tipo de produtos que se van a vender ou ofrecer para poder indicar o lugar máis axeitado dentro das localizacións asignadas polo Concello.

Os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, grellas, brasas ou sustancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Ademais, para o seu cociñado se recomenda o emprego de utensilios eléctricos (exemplo: prancha, forno, etc.). Será obrigatorio que eses postos conteñan cun extintor homologado e en bo funcionamento de po seco de 6 K. **Deberá contar cun xerador de enerxía propio co fin de poder desenvolver a súa actividade.** A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións.

Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.





Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador o manipuladora de alimentos.

III.- DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

A solicitude de inscrición (**Anexo I**) poderá descargarse na páxina web do concello (<https://oporrino.org/>) ou no Rexistro no Concello do Porriño dende o día da publicación destas bases ata o 19 de setembro .

A documentación que deberá axuntar xunto coa solicitude é a seguinte:

- Copia do DNI ou CIF, segundo o caso.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ao traballador ou traballadores que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.
- Póliza e recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación no evento.
- Declaración responsable de estar ao corrente de pagos no concello do Porriño, Facenda tributaria, Seguridade Social e Facenda autonómica.
- Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estar autorizados para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.

Toda a documentación requirida será entregada no Rexistro Xeral do Concello do Porriño ou a través da sede electrónica deste concello dende o día da publicación ata o 19 de setembro. Entenderase que está presentada cando vaia completa a documentación e non sexa necesario realizar ningún requirimento. As solicitudes realizadas a partires desta data non serán autorizadas.

Cumprimentada a solicite facilitada e presentada a documentación, esta será revisada pola persoa responsable do concello para ver se cumpre con todos os requisitos esixidos para a festividade. No caso da existencia de varias solicitudes nos que teñan a exposición ou venda dos mesmos produtos seleccionárase por orde de rexistro. Una vez aceptada procederase a asignar a localización do posto. Dita responsabilidade quedará a cargo do Concello do Porriño.

Rematado o prazo de inscrición e confirmada a aceptación do posto, os/as interesados/as formalizaran o correspondente pago de taxas previsto na Ordenanza municipal en vigor no ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra)

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiros dos postos/espazos asignados.

A ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos ambulantes situados en terreos públicos, así como industriais, estipula as seguintes cotas de aplicación:

Postos para a venda de xéneros e calquera outro na vía pública do núcleo urbano		1.32 €/m ² día
Barracas, tómbolas, casetas para espectáculos ou atraccións	Ata 25m ²	3.51 € día
	Por cada m ² máis	0.34 € día





O pago farase no ORAL e os xustificantes de pago serán entregados no Concello do Porriño antes do 20 de setembro.

Non se admitirá ningún posto sen a debida presentación do xustificante de pago.

IV.- DA MONTAXE DOS POSTOS DE VENDA

O horario da montaxe será entre ás 16:00 e ás 21:00 horas.

Todos os postos deberán estar totalmente localizados e preparados para a hora de comezo da festividade. Non se poderán ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, toldos, etc.

Durante o desenvolvemento da festa quedará prohibida a entrada e saída de vehículos non autorizados, así como a colocación de obstáculos dentro da zona de celebración dos distintos eventos.

A licenza debe estar exposta en sitio visible durante todo o tempo de ocupación.

Os servizos técnicos do concello poderán comprobar que as ocupacións efectivamente realizadas polos concesionarios das licenzas, de ningún xeito excedan os límites destas, tanto no que se refire á superficie coma ao tempo de ocupación.

Os aparellos de feira poderán ser obxecto de inspección polo persoal que designe o Concello, en calquera momento e durante toda a vixencia da autorización para postos da festa.

En caso de producirse accidente algún estas paralizarán a súa actividade ata que técnicos autorizados polo Concello garantan que se reúnen todas as normas de seguridade para o normal desenvolvemento da súa actividade.

V.- DAS MERCADORIAS

Queda totalmente prohibida:

- A exposición e presenza de animais vivos.
- A utilización de os utensilios de cristal,

VI.- DOS/DAS VENDEDORES/AS

Unha vez rematadas as festas, na noite do 21 ao 22 de setembro, todos os postos de venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

A organización, así como a Policía Local e Protección Civil do Porriño, velará polo estrito e rigoroso cumprimento das presentes bases.


Documento asinado dixitalmente na data que se indica ao marxe





ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN:

 Concello do Porriño <small>OF. FISCAL</small>		SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN NA VÍA PÚBLICA FESTAS:			
DATOS DO SOLICITANTE (ENCHER EN MAIUSCULAS)					
NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL					
NIF/CIF/NIE					
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES					
	Ciudad	Calle	Portal	Piso	
POBLACIÓN				CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO 2		FAX		
DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO					
EN CASO DE ACTUAR EN CALIDADE DE REPRESENTANTE	<small>NOME DO REPRESENTANTE</small>				
	<small>DATUM/NOME do representante e Título de representación</small>				

SOLICITO A INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE QUE SE SEÑALA NO ENCABEZADO. PARA O QUE APORTO OS SIGUIENTES DATOS E DOCUMENTACIÓN

DATOS DA SOLICITUDE (ENCHER EN MAIUSCULAS)

USO DA VÍA PÚBLICA: Especificar todo imposible, marcando cunha X (*)			
a) Postos para venda de xéneros e cualquiera outro na via publica do núcleo urbano		Tasa que se aplica	1,32€/m2 día
b) Barracas, toldos/ta, casetas para espectáculos e atraccións	Ata 25 m2		3,51 € día
	por cada m2 máis		0,34 € día
c) Circois	Ata 500 m2		34,98 € día
	Por cada 100 m2 máis		2,10 € día
Tasa pola ocupación temporal ou permanente da via pública			
a) Básculas automáticas e aparellos semellantes	por semestre e aparato		44,64 €
b) Aparellos distribuidores de gasolina e semellantes	por semestre e aparato		44,64 €
c) Aparellos recreativos ou similares	por mes e aparato		6,63 €
d) Máquinas ou aparellos expendedores de bebidas ou outros produtos, por cada unha			97,98 €
e) Outros tipos de maquinaria ou aparellos, cabalros ou similares			97,98 €
ESPECIFICAR USO:			
m2 superficie a ocupar	<small>Data inicio ocupación</small>	<small>Data fin ocupación</small>	<small>Nº de días</small>
Nº aparellos/outros	<small>Data inicio ocupación</small>	<small>Data fin ocupación</small>	<small>Nº de días</small>
LOCALIZACIÓN			
Nome local comercial			

O Porriño, a _____ de _____ de _____

Firma do solicitante.

SR/SRA. ALCALDE/SA DO CONCELLO DO PORRIÑO

(*) achegárase tales modelos DO/PE de autorización de taxa como X mercados

As conformes do disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de Datos de Carácter Persoal. Informase que os datos entregados son confidenciais, non podendo facer uso dos mesmos fóra do ámbito que serviu a súa entrega (BOE nº 234 de 14-12-1999)





Concello de Porriño
CIF: P5603008

SOLICITUD DE
AUTORIZACIÓN DE
OCUPACIÓN NA VÍA
PÚBLICA

FESTAS:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

(Marcar con X)

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

(a cumprir pola administración)

<input type="checkbox"/>	COPIA DO DNI/ NIE (PERSONA FÍSICA) OU CIF (EMPRESA) DO INTERESADO. No segundo caso presentar documento que acredite a representación que obsteña, no caso de actuar en calidade de representante	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	COPIA DO CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS (se fose o caso)	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	POLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E O ÚLTIMO RECIBO DE PAGO DA MESMA	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	PERMISO DA DELEGACIÓN DE INDUSTRIA (I.T.V.) OU CERTIFICADO	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	PERMISO DE ENGANCHE DE ENERXÍA ELÉCTRICA DA EMPRESA PROVEEDORA OU CONTAR CON GRUPO ELECTRÓXENO	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	RECIBO DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES QUE TRABALLEN NA ATRACCIÓN, MONTAXE ETC (TCS, AUTÓNOMOS OU ALTAS)	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	INFORME EXPEDIDO POR EMPRESA AUTORIZADA (HOMOLOGADA) QUE EXPRESE O CORRECTO MONTAXE DA ATRACCIÓN NA PARCELA DESIGNADA POLO CONCELLO DO PORRIÑO.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	XUSTIFICANTE BANCARIO DE REALIZAR O PAGO DA AUTOLIQUIDACIÓN.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO DA AXENCIA TRIBUTARIA DE ALTA NO EPIGRAFE CORRESPONDENTE DO IAE OU ALTA NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS (mod. 036 ou mod. 037)	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO DA AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS	<input type="checkbox"/>

ADVERTENCIA DE REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN:

En relación coa súa solicitude, e por ser preceptivo para a súa tramitación, pónse no seu coñecemento que no caso de non achegar a documentación necesaria, recibirá un requirimento de documentación no que se lle indicará que no prazo de **DEZ DÍAS** previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, deberá aportar aquela documentación que non fose presentada. En caso de non achegar a documentación requirida no citado prazo poderase considerar que desistiu da súa petición, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei.

RECIBÍ

NOME _____

APELIDOS: _____

D.N.I.: _____

PARENTESCO Ou REPRESENTACIÓN _____

Día _____ de _____ de _____

SINATURA DO SOLICITANTE:

Advertese que no cómputo do prazo para a resolución da presente solicitude quedará suspendido no caso de que non se atope achegada toda a documentación necesaria para resolver, ou deban solicitarse informes preceptivos e determinantes do contido da resolución a órganos da mesma ou distinta administración. (art. 21 da Lei 39/2015).





ANEXO II

